

Lista de espera cirúrxica con prioridade II

Expediente: I.5.Q/1269/21

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun cidadán referente ao retraso nunha cirurxía traumatolóxica con prioridade II no CHUAC.

ANTECEDENTES

O día 13 de abril de 2021 recibíuse nesta institución un escrito onde se indicaba que o doente fora incluído na lista de espera cirúrxica o día 24 de decembro de 2020 por mor dunha necrose vascular de ambas cabezas femorais e os seus facultativos asignáronlle, á intervención, unha prioridade II.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería de Sanidade. No informe achegado por dito órgano no mes de maio de 2021 indícase esencialmente o seguinte:

“En resposta ás reclamacións presentadas ante o Valedor do Pobo e Xerencia en relación á asistencia sanitaria prestada ao doente informámoslle que consta incluído en lista de espera con P-2 (tempo estimado para a atención, ao redor de 90 días) o 24/12/2020.

A pandemia COVID19, nas diferentes ondas ten suposto unha gran presión asistencial no Hospital, que obrigou a reprogramar actos cirúrxicos que, unha vez recuperada a actividade, estanse a programar o máis axiña posible.

Neste caso, non constan atencións no Servizo de Urxencias (nin en atención hospitalaria, nin en PAC), nin tratamento analxésico prescrito ou crónico no momento actual”.

O día 28 de xaneiro de 2022, recibíase un novo escrito do promotor da queixa indicando que inda non se lle comunicou a data da intervención.

ANÁLISE

De acordo ao artigo 5.1 do Decreto 104/2005 de 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera na atención sanitaria, o tempo máximo de espera estrutural nas intervencións cirúrxicas é de 180 días, non obstante, e de conformidade co artigo 5.2 da Lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, o Servizo galego de Saúde co obxecto de fixar tempos máximos de acceso ás súas prestacións, establecerá un sistema de clasificación en prioridades baseado en aspectos clínicos, funcionais e sociais do paciente, este sistema de prioridades condicionará o tempo de espera para os diferentes procedementos. Neste caso os facultativos pertencentes ao SERGAS asignaron unha prioridade II, prioridade que se ben non ten garantido normativamente un prazo máximo de espera, tendo en conta o anteriormente dito este prazo debe ser razoable, e ser inferior ao prazo establecido para as intervencións con prioridade III, de feito e ata o día 11 de marzo de 2020 no que a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional, o Servizo Galego de Saúde contemplaba un período de 90 días para as intervencións con prioridade II, como así se traslada no informe da administración sanitaria. Entende esta institución que as circunstancias extraordinarias que concorren actualmente constitúen unha crise sanitaria sen precedentes e de enorme magnitude polo que os tempos de espera actuais tenden a prolongarse, pero este tempo non pode ser indefinido, a programación das intervencións non poden aprazarse *sine die*.

Estamos ante un caso no que tendo unha prioridade II leva na lista de espera estrutural 416 días, cando o habitual para este grao de prioridade segundo o trasladado pola administración sanitaria son 90 días e o prazo máximo estipulado na normativa referenciada, para as intervencións cirúrxicas son 180 días.

No informe trasladado faise referencia a que o doente non demandou asistencia urxente nin hospitalaria nin no PAC, nin tampouco hai constancia de que se prescribira tratamento analxésico. Cómpre ter presente que o nivel de prioridade da intervención establécese en función de criterios clínicos funcionais e sociais do doente e son os profesionais especialistas na materia os que o establecen de xeito que, que o doente non demande asistencia nos servizos de urxencia non pode ser un factor negativo á hora da programación da súa intervención.

Por outro lado, cómpre ter presente o artigo 7.2 do Decreto 104/2005, ao que se fixo referencia que reza, "*Transcorrido en espera estrutural, o prazo máximo ou 140 días nas intervencións cirúrxicas, o usuario poderá optar por continuar na lista de espera do centro ou requirir a atención sanitaria en calquera outro centro sanitario que dispoña da correspondente acreditación da Comunidade Autónoma de Galicia*". Polo que, no caso de que non sexa posible a programación da intervención cirúrxica sinalada nun prazo razoable no marco do Servizo

Galego de Saúde, tendo en conta o que acabamos de ver, o axeitado será informar ao doente do seu dereito a optar pola realización da intervención nun centro sanitario privado acreditado da comunidade autónoma, informando asemade, dos requisitos e do procedemento a seguir para acadar este obxectivo, dando así cumprimento ao espírito do artigo 9 e 10.2 da *Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad* cando establece que os poderes públicos deberán informar aos usuarios dos servizos do sistema sanitario público ou vinculados a el e dos seus dereitos e deberes, dereito enunciado tamén na Lei galega 12/2013 de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu artigo 1 cando establece que os pacientes teñen dereito á información referente aos dereitos e deberes en relación coas prestacións sanitarias.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte **recomendación**:

“Cómpre adoptar as medidas necesarias tanto a nivel organizativo como a nivel de recursos humanos e materiais que permitan garantir os prazos máximos establecidos para os diferentes niveis de priorización que os profesionais sanitarios asignan a cada intervención cirúrxica”.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte **recomendación**:

“Cando o SERGAS prevexa que non resulta factible a realización dunha intervención cirúrxica no prazo aconsellado polos profesionais sanitarios que a indicaron, se lle informe ao doente da posibilidade de solicitar a asistencia sanitaria requirida nun centro sanitario privado que dispoña da correspondente acreditación da comunidade autónoma, informando asemade do procedemento e os requisitos requiridos para tal fin”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo